

II. O balance das actuacións

II. O balance das actuacións

1. Recadación tributaria

1.1. Ingresos tributarios e non financeiros

Os ingresos tributarios xestionados pola Axencia Tributaria por conta do Estado e das Administracións territoriais do Territorio de Réxime Fiscal Común ascenden en 2005, en

termos de recadación aplicada, a 160.705 millóns de euros, que representan o 92,6% dos ingresos non financeiros totais. A participación das Administracións territoriais representa en 2005 o 27,9% dos ingresos xestionados pola Axencia Tributaria.

INGRESOS TOTAIS QUE RECALDA A AXENCIA TRIBUTARIA


ANOS	INGRESOS TOTAIS RECADADOS POLA AXENCIA	INGRESOS NON FINANCEIROS TOTAIS*	% INGRESOS AXENCIA
1996	76.115	87.839	86,65
1997	85.607	100.247	85,40
1998	91.597	109.206	83,88
1999	99.968	115.084	86,87
2000	107.764	123.466	87,28
2001	114.552	130.077	88,06
2002	124.912	139.264	89,69
2003	130.176	143.774	90,54
2004	140.854	155.346	90,67
2005	160.705	173.634	92,55

* Excluídos os Capítulos VIII e IX (Activos e Pasivos financeiros)

O crecemento rexistrado en 2005 ascende ao 14,1%, seis puntos máis que en 2004 (8,2%) e constitúe o máximo dos últimos 16 anos (dende 1989) como se pode ver na figura que se achega, que recolle a evolución da recadación tributaria

dende 1990 xunto coa observada na demanda interna a prezos correntes, estimada pola Contabilidade Nacional do INE.

Figura 1.- INGRESOS TRIBUTARIOS E DEMANDA INTERNA CN



As razóns deste histórico crecemento, nun ano de práctica estabilidade normativa, poden sintetizarse nos seguintes puntos:

- O dinamismo das retencións sobre rendas do traballo e do capital e dos pagamentos na conta das sociedades, que reflicten a favorable conxuntura das rendas das familias e dos beneficios das sociedades en 2005.
- O positivo impacto das cotas diferenciais (maiores ingresos e menores devolucións) dos Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas e sobre Sociedades que corresponden a rendas e beneficios devindicados en 2004.
- A dinámica evolución da recadación por IVE que crece a un ritmo 2,3 puntos superior ao de 2004 malia a práctica estabilidade do gasto final suxeito a IVE. Os maiores custos enerxéticos soportados polas empresas en 2005 fixéronse patentes nas solicitudes de devolución anual de IVE do exercicio 2005 presentada nos primeiros meses de 2006 e afectarán negativamente aos ingresos líquidos do ano.
- Os maiores ingresos por exercicios pechados de retencións de traballo das Comunidades Autónomas (511 millóns), de xeito que os dereitos recoñecidos de 2005 (inclúen os dereitos do ano pendentos de cobro) crecen un 13,4%.

- A favorable evolución en 2005 dos ingresos derivados do control (ingresos de contraído previo e minoración de devolucións), que rexistran un crecemento do 12,9%, e das taxas e doutros ingresos que se benefician do traslado a este ano de parte dos xuros de demora e das sancións tributarias retidos ata a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria.

A participación dos ingresos tributarios no total de ingresos non financeiros aumenta en case dous puntos (pasa do 90,7% en 2004 ao 92,6% en 2005) porque o dinámico comportamento dos ingresos tributarios contrasta coa forte redución (por enriba do 40%) de dous dos conceptos máis significativos dos ingresos non tributarios: os beneficios do Banco de España e as transferencias de capital (en especial, do FEDER).

Como introdución necesaria para a análise da evolución da recadación tributaria, ofrécense deseguido os aspectos máis relevantes da marcha da economía e do marco normativo en 2005.

1.2. O medio económico

A conxuntura económica de 2005 caracterízase pola prolongación do crecemento nominal e real da economía española sustentado no vigor da demanda interna e, especialmente, no gasto de investimento das empresas e nas compras de vivendas polas familias e polos

non-residentes. A maior actividade desenvólvese nun contexto de baixos tipos de xuro, aceleración dos medios de pagamento e do financiamento a empresas e familias, debilidade da demanda externa (particularmente da Unión Europea, cuxa recuperación non acaba de materializarse) e maiores tensións de prezos derivadas principalmente, pero non só, do maior custo do petróleo cuxo prezo en euros se eleva un 42,8% en media anual.

O Instituto Nacional de Estatística cifra provisionalmente o crecemento real do Produto Interior Bruto (PIB) nun 3,4% con aceleración de tres décimas de punto respecto do ritmo de 2004 e o crecemento nominal acada o 8,0%, con aceleración de sete décimas. Dende a óptica dos

ingresos por impostos ten especial relevancia a evolución nominal da demanda interna, cuxo crecemento anual acada o 9,2% en 2005 con aceleración de seis décimas de punto.

A información declarada polas empresas e retedores correspondente a 2005, aínda incompleta, confirma o maior dinamismo nominal das vendas, do gasto final suxeito a IVE e do gasto de investimento das empresas, pero a nota máis sobresaínte da conxuntura declarada de 2005 atópase nos fortes crecementos da renda bruta das familias e da base imponible das sociedades. A evolución nos últimos anos do PIB e da demanda interna e das principais magnitudes da economía declarada preséntase no cadro adxunto.

PRINCIPAIS INDICADORES ECONÓMICOS (Taxas de variación anual)

	2004 (*)	2000	2001	2002	2003	2004	2005(p)	
PIB	(1)Prezos correntes	837.316	8,7	7,9	7,2	7,1	7,3	8,0
	Prezos constantes de 1995		4,4	3,5	2,7	3,0	3,1	3,4
	Deflactor		3,4	4,2	4,4	4,0	4,1	4,4
	Demanda interna prezos correntes	897.448	10,0	7,0	6,4	7,2	8,6	9,2
INDICADORES A PARTIR DE DECLARACIÓN FISCALIS								
	Gasto final suxeito a IVE	377.964	7,8	6,1	7,8	8,5	8,9	9,1
	Vendas (V)	1.596.568	14,1	10,3	6,2	8,6	7,5	9,3
	Compras (C)	1.289.550	15,9	10,5	5,8	8,6	8,4	9,8
	Importacións (M) (2)	241.016	18,5	6,1	1,7	6,4	12,6	9,3
	Exportacións (X)	187.188	19,9	9,3	0,3	5,9	5,0	5,8
	Rendas brutas dos fogares	436.597	8,7	8,1	5,7	8,1	6,9	8,3
	Traballo	364.801	9,0	9,3	6,5	7,8	6,5	7,7
	Capital	35.420	12,2	1,4	-1,3	13,9	12,7	18,3
	Empresa	36.376	2,5	3,1	5,3	6,3	4,9	4,3
	Renda dispoñible (3)	389.424	8,7	7,5	5,3	9,2	6,8	7,6
	Base imponible de sociedades	109.797	5,2	14,1	0,3	16,0	15,3	23,4
INDICADORES ESPECÍFICOS DE GRANDES EMPRESAS (4)								
	Vendas interiores non financeiras	884.679	11,7	6,3	5,1	6,3	7,3	8,8
	Vendas interiores non financeiras deflactadas	738.180	7,4	4,5	2,7	4,8	4,0	3,8
	Perceptores de salarios (sector non financeiro)	4.977.372	6,3	3,3	2,1	1,9	2,2	3,3
	Retribución bruta media (sector non financeiro)	23.042	3,7	5,4	2,9	4,2	2,6	3,1
	Resultado contable GE non grupos (mod. 218)	25.313		---	---	33,6	18,1	9,7

(*) Millóns de euros (agás cantidades en cursiva: perceptores de salarios en número e retribución bruta media en euros).

(1) Contabilidade Nacional Trimestral de España Base 2000 (INE).

(2) Inclúe operacións asimiladas á importación.

(3) Rendas brutas menos IRPF pagado no exercicio.

(4) Empresas con volume de operacións anual superior a 6 M. €. Taxas de variación a poboación constante.

O gasto final suxeito a IVE, obtido por diferenza entre vendas e compras e engadindo o saldo neto importador, medra en 2005 un 9,1% cunha lixeira aceleración respecto a 2004. O compoñente máis dinámico é o gasto en vivenda nova dos fogares e os non-residentes, que representa o 17% do gasto e crece a unha taxa anual do 16,1% similar á de 2004, sustentada no intenso crecemento do financiamento ás familias para compra de vivendas. As compras correntes e de capital das Administracións Públicas crecen a unha taxa anual do 6,3% con desaceleración respecto do ritmo de 2004, e o resto do gasto final suxeito a IVE, integrado polo gasto de consumo dos fogares e os non-residentes e polas compras correntes e de capital dos sectores exentos (Sanidade, Ensino e Servizos Financeiros), crece a unha taxa anual do 8,0% superior á de 2004.

Destaca tamén en 2005 o maior dinamismo que rexistran as PEMES, con aceleracións nos ritmos de crecemento dos seus ingresos por retencións de traballo (aumentan un 10,8%, fronte do 8,4% de 2004), pagamentos fraccionados de sociedades (11,7%, case un punto máis que no ano anterior) e IVE bruto (11,3%, 9,2% en 2004).

As rendas brutas declaradas das familias crecen en 2005 un 8,3%, cunha aceleración de 1,4 puntos respecto do ritmo anual de 2004. O crecemento do emprego asalariado en 2005, medido en termos de asalariados afiliados, cífrase nun 4,4% cunha aceleración de 1,6 puntos respecto do ritmo de 2004 debida na súa maior parte ao proceso de normalización que se traduce en case que medio millón de altas de inmigrantes ao rematar o ano.

As rendas do traballo, impulsadas polo intenso crecemento do emprego asalariado e pola activación das cláusulas de salvagarda de salarios e pensións, crecen un 7,7% con aceleración de 1,2 puntos respecto do ritmo do ano anterior, pero o maior dinamismo atópase nas rendas do capital que acadan un crecemento do 18,3% que supera en máis de 5 puntos o ritmo de 2004. A recuperación dos xuros de contas bancarias e das ganancias en fondos de investimento e o mantemento dun forte

crecemento dos dividendos explican a expansión das rendas do capital.

Os resultados empresariais, aproximados polos pagamentos a conta das empresas persoais e as sociedades, rexistran tamén en 2005 un crecemento do 22,1% con aceleración de 5,6 puntos respecto do ritmo de 2004. A expansión localízase nas sociedades e, especialmente, nos grupos que tributan en réxime de consolidación fiscal, cuxos beneficios crecen en 2005 un 40,5% debido en boa medida aos resultados extraordinarios. Pola contra, nas PEMES e nas grandes empresas non integradas en grupos, os beneficios crecen arredor do 11,5%.

Ao valorar a incidencia da conxuntura económica sobre a recadación debe terse presente a heteroxénea natureza das medidas contables (caixa e dereitos recoñecidos) dos ingresos. Polo lado dos impostos directos, o extraordinario crecemento do 17,9% nos ingresos de 2005 non só reflicte a favorable conxuntura de 2005, determinante dos fortes crecementos das retencións e dos pagamentos a conta, senón tamén a positiva evolución das rendas das familias e das sociedades en 2004, materializada nas cotas diferenciais que se percibiron en 2004 pero liquidadas en 2005.

Nos impostos indirectos, o crecemento do 12,0% na recadación por IVE de 2005 non recolle completamente o negativo impacto dos maiores custos do petróleo sobre o IVE soportado polas empresas. Estes maiores custos fixéronse patentes, principalmente, nas solicitudes de devolución anual que acompañan a última declaración de 2005 presentada nos primeiros meses de 2006 e reflectiranse, en forma de maiores devolucións, ao longo do presente exercicio.

1.3. O marco normativo

De entre as modificacións legais introducidas en 2005, destacan principalmente:

- A deflactación da tarifa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas nun 2%.

- A dobre suba dos tipos legais dalgúns Impostos Especiais. A primeira establécea dende xaneiro a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2005, que actualiza nun 2% os tipos impositivos sobre Alcohol, Cervexa e Labores de Tabaco. Posteriormente, o Real Decreto Lei 12/2005 do 16 de setembro de medidas urxentes en materia de financiamento sanitario volve elevar os tipos dos impostos sobre Alcohol, Cervexa (10% en ambas as dúas figuras) e Tabacos (aumenta en case un punto o seu tipo “ad valorem”).

Ademais, tamén houbo cambios nas normas e nos procesos de xestión tributaria con apreciable incidencia sobre a evolución da recadación. En primeiro lugar, algunhas Comunidades Autónomas realizaron significativos ingresos de exercicios pechados por retencións de traballo en 2005 (511 millóns), o que incidiu de forma positiva sobre a recadación.

En segundo lugar, as cotas de IVE devindicadas por operacións asimiladas á importación pasaron a ser deducibles na propia declaración destas operacións e non na de operacións interiores, o que produciu un transvasamento de recadación (en forma de maior ingreso, menor devolución e/ou menores axustes forais) dende o IVE Importación ao IVE operacións interiores.

En terceiro lugar, a recadación en concepto de taxas e outros ingresos viuse afectada positivamente en 2005 por dous feitos significativos:

- O proceso de regularización de inmigrantes estranxeiros, que elevou apreciablemente os ingresos por taxas de obtención da tarxeta de identidade profesional e consulares.

- A entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria en xullo de 2004 orixinou, en primeiro lugar, unha escasa recadación por sancións tributarias e xuros de demora nos primeiros meses dese ano (ao reterse os expedientes ata a promulgación da dita Lei) e, en segundo, un transvasamento de ingresos a 2005 (a medida que os expedientes retidos ían sendo liberados).

Á marxe destas novidades lexislativas ou de xestión, destaca outra introducida polo xa citado Real Decreto Lei 12/2005 que lle afecta á distribución institucional dos ingresos. Para garantir unha maior suficiencia das Comunidades Autónomas para financiamento sanitario, esta norma prevé o pagamento de anticipos a conta da súa participación definitiva no Imposto sobre a Renda, IVE e Impostos Especiais de ata o 4% (2% en 2005) da base de cálculo empregada para a fixación inicial das entregas a conta por tributos compartidos. Por este concepto, en 2005 adiantáronse 692 millóns de euros, dos que 285 millóns corresponderían ao Imposto sobre a Renda, 276 a IVE e 131 aos impostos especiais.

1.4. Ingresos tributarios totais

Os ingresos tributarios totais ascenden a 160.705 millóns de euros cun crecemento en 2005 do 14,1%, a taxa máis alta dende 1989 e case seis puntos por enriba do aumento da recadación en 2004 (8,2%). Os crecementos son particularmente intensos no Imposto sobre Sociedades (24,9%), Imposto sobre a Renda (14,7%), IVE (12,0%) e Capítulo III (18,7%)

EVOLUCIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS TOTAIS					
	2001	2002*	2003	2004	2005
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	41.371	44.344	46.451	47.722	54.723
	12,5%	7,2%	4,8%	2,7%	14,7%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	17.215	21.437	21.920	26.020	32.495
	0,1%	24,5%	2,3%	18,7%	24,9%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON-RESIDENTES	906	1.052	948	1.395	1.351
RESTO DO CAPÍTULO I	-17,6%	16,1%	-9,9%	47,2%	-3,2%
	349	41	49	49	63
	5,2%	-88,3%	19,0%	0,9%	28,2%
TOTAL CAPÍTULO I	59.842	66.873	69.367	75.187	88.631
	8,0%	11,7%	3,7%	8,4%	17,9%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	34.673	36.913	40.579	44.507	49.870
	3,8%	6,5%	9,9%	9,7%	12,0%
IMPOSTOS ESPECIAIS	16.576	16.150	16.853	17.514	18.022
	3,2%	-2,6%	4,3%	3,9%	2,9%
RESTO DO CAPÍTULO II	1.871	1.961	2.169	2.493	2.813
	2,5%	4,8%	10,6%	15,0%	12,8%
TOTAL CAPÍTULO II	53.120	55.025	59.601	64.514	70.706
	3,6%	3,6%	8,3%	8,2%	9,6%
TOTAL CAPÍTULO III	1.590	1.246	1.208	1.153	1.368
	45,8%	-21,6%	-3,0%	-4,6%	18,7%
INGRESOS TRIBUTARIOS TOTAIS	114.552	123.144	130.176	140.854	160.705
	6,3%	7,5%	5,7%	8,2%	14,1%
Devolucións totais	27.441	28.028	32.845	34.370	35.992
	11,0%	2,1%	17,2%	4,6%	4,7%
· Xestionadas pola Axencia Tributaria	24.178	24.431	29.345	30.796	32.458
	12,3%	1,0%	20,1%	4,9%	5,4%
· D. X. Tesouro	1.817	2.077	1.823	1.815	1.819
	12,7%	14,3%	-12,3%	-0,4%	0,2%
· Axustes co País Vasco e Navarra	1.446	1.519	1.677	1.759	1.715
	-8,2%	5,1%	10,4%	4,9%	-2,6%
Asignación para a Igrexa Católica	130	133	136	138	141
	2,0%	2,0%	2,0%	2,0%	2,0%

En millóns de euros

* As taxas de variación en 2002 de Resto Capítulo I, Impostos Especiais e Capítulo III veñen afectadas pola cesión ás CC.AA. da maior parte dos ingresos por Imposto sobre o Patrimonio (Madrid), Determinados Medios de Transporte e Taxas de Xogo (Madrid e Cantabria).

Esta evolución presenta dous períodos diferenciados ao longo do ano. A primeira metade caracterízase por un ritmo de crecemento moi alto dos ingresos de IVE e Sociedades pola comparación con meses de 2004 con maiores devolucións; na segunda metade atenuáase significativamente o crecemento dos ingresos, unha vez que empezan a facerse efectivas as devolucións de IVE retidas para o seu paso a comprobación por Inspección, conséguense un alto grao de realización en 2005 das solicitudes de devolución de Sociedades exercicio 2004 (que

ademais aumentan un 17,2%), e os ingresos por hidrocarburos desaceléranse pola suba do prezo do petróleo.

Os ingresos por impostos directos víronse favorecidos polo forte dinamismo das rendas (do traballo, 7,7%, do capital, 18,3%, e da base imponible das sociedades, 23,4%) e polo dinamismo do emprego, que se transforma en estabilidade ao eliminar o efecto da normalización. Estes factores económicos condicionaron a boa marcha das retencións

sobre rendas do traballo e do capital e dos pagos a conta de Sociedades. Ademais, á favorable conxuntura de 2005 engádese a positiva evolución que tiveron as rendas e os beneficios percibidos en 2004, feito

que tivo o seu reflexo no notable incremento das cotas diferenciais dos Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto sobre Sociedades no último ano (vía maiores ingresos e menores devolucións).

DETALLE DA EVOLUCIÓN DOS INGRESOS TOTAIS NAS GRANDES FIGURAS TRIBUTARIAS

	2001	2002	2003	2004	2005
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	41.371	44.344	46.451	47.722	54.723
	12,5%	7,2%	4,8%	2,7%	14,7%
· Retencións de traballo	37.383	40.577	43.417	45.106	50.854
	14,2%	8,5%	7,0%	3,9%	12,7%
· Retencións de capital	3.117	2.645	2.274	2.206	2.489
	14,5%	-15,1%	-14,0%	-3,0%	12,8%
· Retencións de arrendamentos	906	984	1.099	1.192	1.313
	-2,5%	8,6%	11,7%	8,4%	10,2%
· Retencións de Fondos de Investimento	504	404	243	267	360
	-46,5%	-19,8%	-40,0%	10,1%	34,8%
· Pagamentos fraccionados	2.472	2.570	2.728	2.883	3.013
	1,9%	4,0%	6,2%	5,7%	4,5%
· Cota diferencial neta	-2.879	-2.704	-3.174	-3.794	-3.165
	0,3%	-6,1%	17,4%	19,5%	-16,6%
· Asignación para a Igrexa Católica	-130	-133	-136	-138	-141
	2,0%	2,0%	2,0%	2,0%	2,0%
DEVOLUCIÓN IRPF	7.835	8.062	9.099	9.725	10.227
	4,2%	2,9%	12,9%	6,9%	5,2%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	17.215	21.437	21.920	26.020	32.495
	0,1%	24,5%	2,3%	18,7%	24,9%
· Retencións de capital mobiliario	1.279	1.570	1.267	1.108	1.221
	15,8%	22,8%	-19,3%	-12,6%	10,2%
· Retencións de arrendamentos	380	412	459	497	547
	-2,9%	8,3%	11,3%	8,3%	10,1%
· Retencións de Fondos de Investimento	215	172	103	114	153
	-46,5%	-19,9%	-40,0%	10,2%	34,8%
· Pagamentos fraccionados IS	9.819	10.822	13.231	15.456	18.821
	-0,5%	10,2%	22,3%	16,8%	21,8%
· Cota diferencial neta	5.522	8.460	6.860	8.846	11.753
	1,5%	53,2%	-18,9%	29,0%	32,9%
DEVOLUCIÓN I. SOCIEDADES	3.300	2.439	3.865	3.691	3.496
	2,8%	-26,1%	58,4%	-4,5%	-5,3%
· Xestionadas pola Axencia Tributaria	2.508	1.455	2.954	2.764	2.551
	-1,0%	-42,0%	103,0%	-6,4%	-7,7%
· D. X. Tesouro	792	984	911	927	946
	16,9%	24,2%	-7,4%	1,7%	2,1%

En millóns de euros

O balance das actuacións Recadación tributaria

Por conceptos, o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas acumula un crecemento do 14,7%, que pasa a ser do 13,3% en termos homoxéneos (sen o efecto dos ingresos de pechados de Comunidades Autónomas), pola boa traxectoria das retencións de traballo (12,7%, cun crecemento das rendas de traballo arredor do oito por cento e uns tres puntos de aumento do tipo medio de retención, a pesar da deflactación da tarifa), as retencións de capital (12,8%, impulsadas polo comportamento expansivo das rendas de capital mobiliario en 2005) de arrendamentos (10,2%) e fondos de investimento (34,8%, polas ganancias patrimoniais obtidas tras dous anos de subas bolsistas elevadas) e, en particular, a cota diferencial bruta do exercicio 2004 (que acumula un aumento do 19,2%, asociado a fortes ganancias patrimoniais en accións e inmobles).

O Imposto sobre Sociedades crece un 24,9% polo aumento da cota diferencial positiva do exercicio 2004 (un 23,2%) e dos pagamentos a conta (21,8%), xunto coa dinámica traxectoria de retencións de capital e fondos de investimento e o forte descenso das devolucións de cota

diferencial exercicio 2003 realizadas a principios de 2005. O crecemento homoxéneo sitúase no 23,8%, en sintonía coa evolución da base imponible do imposto (23,4%). Os ingresos por impostos indirectos manteñen en 2005 unha traxectoria dispar.

O IVE e o Tráfico Exterior crecen a forte ritmo apoiados na favorable evolución da demanda interna (9,2%, en termos nominais), principalmente no seu compoñente de prezos (4,4% aumenta o deflactor do PIB). O gasto final suxeito a IVE gaña dúas décimas (9,1% fronte a 8,9%) pola desaceleración das importacións (9,3%, máis de tres puntos inferior ao aumento de 2004), se ben a suba do prezo do cru impulsa as importacións na UE. Os impostos especiais acusan a minoración do consumo de carburantes polo alza de prezos e pola perda recadatoria asociada ao significativo desprazamento do consumo de tabaco cara ás marcas de baixo custo.

DETALLE DA EVOLUCIÓN DOS INGRESOS TOTAIS NAS GRANDES FIGURAS TRIBUTARIAS (2)					
	2001	2002*	2003	2004	2005
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	34.673	36.913	40.579	44.507	49.870
	3,8%	6,5%	9,9%	9,7%	12,0%
· IVE IMPORTACIÓN	10.683	10.724	11.594	12.669	9.709
	4,8%	0,4%	8,1%	9,3%	-23,4%
· Importacións terceiros países	5.599	5.613	6.068	6.684	7.487
	5,0%	0,2%	8,1%	10,1%	12,0%
· Operacións Asimiladas	5.084	5.111	5.526	5.986	2.222
	4,5%	0,5%	8,1%	8,3%	-62,9%
· IVE BRUTO OPERACIÓNIS INTERIORES	38.678	42.158	47.479	51.431	61.102
	8,6%	9,0%	12,6%	8,3%	18,8%
· Réxime Xeral e Simplificado	17.824	18.210	20.227	21.997	24.329
	6,7%	2,2%	11,1%	8,7%	10,6%
· Grandes Empresas	16.986	18.440	20.894	22.632	25.664
	10,5%	8,6%	13,3%	8,3%	13,4%
· Exportadores	3.528	3.796	4.143	4.722	8.870
	9,1%	7,6%	9,2%	14,0%	87,8%
· Outros ingresos	340	1.713	2.215	2.080	2.240
	19,3%	403,9%	29,3%	-6,1%	7,7%
· DEVOLUCIÓNIS IVE	14.701	15.972	18.503	19.597	20.944
	18,2%	8,6%	15,8%	5,9%	6,9%
· Xestionadas pola Axencia Tributaria	13.442	14.651	17.047	18.046	19.433
	20,8%	9,0%	16,4%	5,9%	7,7%
· Axustes co País Vasco e Navarra	1.259	1.321	1.456	1.551	1.511
	-3,9%	4,9%	10,2%	6,5%	-2,6%
IMPOSTOS ESPECIAIS	16.576	16.150	16.853	17.514	18.022
	3,2%	-2,6%	4,3%	3,9%	2,9%
· Alcohol e Bebidas derivadas	779	810	815	842	900
	3,1%	4,0%	0,6%	3,4%	6,8%
· Cervexa	198	208	229	233	243
	3,4%	5,0%	10,1%	1,8%	4,3%
· Produtos Intermedios	17	17	18	18	18
	-5,3%	1,3%	8,3%	0,4%	-1,1%
· Hidrocarburos	9.244	9.505	9.790	10.123	10.210
	1,8%	2,8%	3,0%	3,4%	0,9%
· Labores do Tabaco	4.477	4.919	5.243	5.487	5.792
	7,0%	9,9%	6,6%	4,7%	5,6%
· Determinados Medios de Transporte	1.204	0	0	1	4
	2,1%				
· Electricidade	658	692	759	809	855
	1,4%	5,1%	9,7%	6,7%	5,7%
· DEVOLUCIÓNIS IMPOSTOS ESPECIAIS	324	247	256	262	240
	-26,3%	-23,8%	3,9%	2,2%	-8,5%
· Xestionadas pola Axencia Tributaria	137	49	36	54	36
	-21,1%	-64,5%	-26,4%	49,7%	-32,1%
· Axustes co País Vasco e Navarra	187	198	221	208	203
	-29,7%	6,1%	11,3%	-5,5%	-2,4%

En millóns de euros

*En 2002 cédeselles ás CC.AA. a recadación polo I.E. sobre Determinados Medios de Transporte. Corrixido este efecto, a taxa de crecemento sería do 4,6%.



O IVE crece un 12,0% en 2005, cun IVE bruto que aumenta un 10,5% polo vigor que mantén aínda o gasto final suxeito ao imposto, e unhas devolucións que incrementan nun 6,9% (o forte aumento das devolucións anuais de IVE compénsase coa atonía das devolucións a exportadores dos dous últimos anos e co impacto sobre os axustes forais da nova forma de liquidar as operacións asimiladas). O IVE crece un 11,7% en termos homoxéneos e tanto os ingresos homoxéneos do IVE Importación (13,9%) como o IVE neto de Grandes Empresas e Exportadores (12,4%) rexistran crecementos elevados, mentres que o IVE neto homoxéneo de PEMES aumenta un 8,8% polo maior importe das devolucións anuais do exercicio 2004.

Os Impostos Especiais elevan os seus ingresos un 2,9% (3,0% en termos homoxéneos), un punto menos que en 2004, pola atonía do Imposto Especial sobre Hidrocarburos (0,9%) que acusa a debilidade dos seus consumos (1,2%) e a caída do seu tipo medio efectivo. O Imposto Especial sobre Labores do Tabaco homoxéneo crece un 5,7%, inferior á taxa de 2004 (6,3%) pola incidencia do desprazamento do consumo ao segmento de cigarros de menor prezo.

En termos homoxéneos, o resto de ingresos aumenta o 16,1% polo pulo dos ingresos tributarios do Capítulo III (22,0%, polo impacto

do proceso de normalización de inmigrantes sobre os ingresos polas taxas de obtención da tarxeta de identidade profesional para estranxeiros e polas consulares, e polos importes retidos o ano pasado por sancións e xuros de demora deica a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria), polo Tráfico Exterior (18,3%) e polo Imposto sobre a Renda de non-residentes (15,1%).

A participación dos ingresos tributarios totais no PIB nominal en 2005 sobe un punto e ascende ao 17,8% principalmente como resultado da notable expansión que experimenta o Imposto sobre Sociedades (eleva o seu ratio medio punto, do 3,1% ao 3,6%, impulsado polo aumento dos beneficios empresariais), o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (do 5,7% ao 6,1%, unha vez rematados os efectos da reforma), o IVE e o Capítulo III. Só os impostos especiais rebaixan a súa participación polo baixo ton da recadación en 2005, afectada polas minoracións que experimentan os seus consumos e polo prezo medio do paquete de tabaco.

1.5. Distribución dos ingresos tributarios por entes institucionais e comparación co Orzamento

Neste apartado desagreganse os ingresos tributarios totais en función do ente institucional (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais) ao que finalmente se asignan para o seu financiamento.

INGRESOS TRIBUTARIOS DAS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS E DO ESTADO					
	2001	2002(*)	2003	2004	2005
TOTAL PARTICIPACIÓN DAS CC.AA.	5.244	29.019	34.127	39.179	43.617
	12,9%	453,4%	17,6%	14,8%	11,3%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	5.244	12.067	13.622	16.678	18.221
	12,9%	130,1%	12,9%	22,4%	9,3%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO		11.184	13.439	14.929	17.367
			20,2%	11,1%	16,3%
IMPOSTOS ESPECIAIS		5.767	7.066	7.573	8.029
			22,5%	7,2%	6,0%
TOTAL PARTICIPACIÓN DAS CC.LL.				1.278	1.241
					-2,9%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS				632	549
					-13,2%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO				455	494
					8,5%
IMPOSTOS ESPECIAIS				190	198
					4,2%
TOTAL DAS PARTICIPACIÓN DAS AA.TT.	5.244	29.019	34.127	40.457	44.858
	12,9%	453,4%	17,6%	18,5%	10,9%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	5.244	12.067	13.622	17.310	18.770
	12,9%	130,1%	12,9%	27,1%	8,4%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO		11.184	13.439	15.384	17.861
			20,2%	14,5%	16,1%
IMPOSTOS ESPECIAIS		5.767	7.066	7.763	8.227
			22,5%	9,9%	6,0%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	36.127	32.277	32.829	30.412	35.953
	12,5%	-10,7%	1,7%	-7,4%	18,2%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	17.215	21.437	21.920	26.020	32.495
	0,1%	24,5%	2,3%	18,7%	24,9%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON-RESIDENTES	906	1.052	948	1.395	1.351
	-17,6%	16,1%	-9,9%	47,2%	-3,2%
RESTO DO CAPÍTULO I	349	41	49	49	63
	5,2%	-88,3%	19,0%	0,9%	28,2%
TOTAL CAPÍTULO I	54.598	54.806	55.745	57.876	69.862
	7,6%	0,4%	1,7%	3,8%	20,7%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	34.673	25.729	27.140	29.124	32.009
	3,8%	-25,8%	5,5%	7,3%	9,9%
IMPOSTOS ESPECIAIS	16.576	10.383	9.787	9.751	9.795
	3,2%	-37,4%	-5,7%	-0,4%	0,5%
RESTO DO CAPÍTULO II	1.871	1.961	2.169	2.493	2.813
	2,5%	4,8%	10,6%	15,0%	12,8%
TOTAL CAPÍTULO II	53.120	38.073	39.096	41.368	44.617
	3,6%	-28,3%	2,7%	5,8%	7,9%
TOTAL CAPÍTULO III	1.590	1.246	1.208	1.153	1.368
	45,8%	-21,6%	-3,0%	-4,6%	18,7%
INGRESOS TRIBUTARIOS DO ESTADO	109.308	94.125	96.050	100.397	115.847
	6,0%	-13,9%	2,0%	4,5%	15,4%

En millóns de euros

* En 2002 cedéuselles ás CC.AA. a maior parte dos ingresos por Imposto sobre o Patrimonio (Madrid), Determinados Medios de Transporte e Taxas de Xogo (Madrid e Cantabria).



O balance das actuacións Recadación tributaria

A participación sobre tributos estatais das Comunidades Autónomas elevouse en 2005 a 43.617 millóns de euros, un 11,3% máis que en 2004. A Participación no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ascendeu a 18.221 millóns (o 33,3% do total desta figura), a participación no IVE a 17.367 millóns (o 34,8% do total de IVE), e a participación das Comunidades Autónomas nos Impostos Especiais acada o 44,6%. Cómpre destacar que 2005 é o primeiro ano no que as Comunidades Autónomas recibiron anticipos a conta da liquidación definitiva por importe de 692 millóns.

A participación sobre tributos estatais das Corporacións Locais supuxo uns ingresos para estes Entes de 1.241 millóns de euros (549 millóns en IRPF, 494 en IVE e 198 en II.EE.). As participacións das Corporacións Locais apenas supoñen o 1,0% do total ingresado por estes tributos compartidos.

A diferenza entre os ritmos de crecemento dos ingresos tributarios totais (14,1%) e dos ingresos das Administracións Territoriais (10,9%) dá lugar a que os ingresos tributarios do Estado crezan un extraordinario 15,4% en 2005 (115.847 millóns de euros).

A desviación dos ingresos tributarios do Estado sobre o Orzamento acada en 2005 os 8.764 millóns de euros, cun grao de execución orzamentaria do 108,2%. Máis da metade desta desviación concéntrase en Sociedades (4.594 millóns de euros, na súa maior parte de pagamentos fraccionados e cota diferencial bruta como consecuencia dunha expansión da base impoñible por enriba do seu valor esperado). Tamén destacan as desviacións positivas do IRPF (2.250 millóns de euros, principalmente en retencións de traballo e cota diferencial neta) e do IVE (1.994 millóns, dos que 1.205 corresponden a devolucións realizadas, sobre todo de IVE anual, inferiores ás presupostadas).

DESVIACIÓNS ORZAMENTARIAS DOS INGRESOS TRIBUTARIOS DO ESTADO

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2005	RECADACIÓN 2005	DIFERENZA	% GRAO EXECUCIÓN
IRPF	33.703	35.953	2.250	106,7
I. SOCIEDADES	27.901	32.495	4.594	116,5
IRNR	1.202	1.351	149	112,4
IVE	30.015	32.009	1.994	106,6
-Importación	13.528	9.709	-3.819	71,8
-Operac. interiores	16.487	22.300	5.813	135,3
II.EE.	10.413	9.795	-618	94,1
-Alcohol e Bebidas	559	575	16	102,9
-Cervexa	140	141	1	100,9
-Prod. intermedios	11	9	-2	84,3
-Hidrocarburos	6.191	5.833	-358	94,2
_Labores de Tabaco	3.545	3.299	-246	93,1
- Determinados Medios de Transporte	0	4	4	--
- Electricidade	-33	-67	-34	203,6
RESTO	3.849	4.244	395	110,3
INGRESOS DO ESTADO	107.083	115.847	8.764	108,2

Importe en millóns de euros

DESVIACIÓNS ORZAMENTARIAS DAS PARTICIPACIÓNS DAS AA.TT.

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2005	RECADACIÓN 2005	DIFERENZA	% GRAO EXECUCIÓN
IRPF	18.503	18.770	267	101,4
IVE	17.587	17.861	274	101,6
II.EE.	8.097	8.227	130	101,6
- Alcohol e Bebidas	318	324	6	102,0
- Cervexa	100	102	2	102,0
- Prod. intermedios	9	9	0	98,5
- Hidrocarburos	4.308	4.377	69	101,6
- Labores de Tabaco	2.455	2.493	38	101,5
- Electricidade	907	922	15	101,7
PARTICIPACIÓNS AA.TT.	44.187	44.858	671	101,5

Importe en millóns de euros

1.6. Ingresos tributarios homoxéneos

O proceso de homoxeneización dos ingresos tributarios pretende eliminar factores que distorsionan a comparación interanual da recadación, entre os que destacan a diferenza nos ritmos de execución das devolucións, os diferentes calendarios de vencemento da Débeda Pública e a incidencia de ingresos de exercicios pechados.

Corrixidos estes efectos, os ingresos homoxéneos crecen o 13,6%, o crecemento anual máis alto da serie, moi semellante ao 14,1% dos ingresos totais porque a execución das devolucións se axustaron ao obxectivo da campaña tipo dentro do ano (só persisten os maiores ingresos en 2005 de exercicios pechados de retencións das Comunidades Autónomas.). Todas as figuras, agás os Impostos Especiais (3,0%), manteñen elevados ritmos de crecemento homoxéneo.

TAXAS DE VARIACIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS NETOS HOMOXÉNEOS

	2001	2002	2003	2004	2005
IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	11,5%	8,5%	3,2%	4,3%	13,3%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	0,0%	18,0%	8,6%	18,4%	23,8%
IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON-RESIDENTES	8,6%	7,9%	-9,3%	18,2%	15,1%
RESTO DO CAPÍTULO I	5,5%	7,4%	5,3%	0,0%	28,9%
TOTAL CAPÍTULO I	7,9%	11,3%	4,7%	9,0%	17,0%
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	3,9%	5,1%	11,9%	10,5%	11,7%
IMPOSTOS ESPECIAIS	3,6%	5,6%	4,6%	4,5%	3,0%
RESTO DO CAPÍTULO II	2,7%	4,6%	10,5%	14,8%	12,6%
TOTAL CAPÍTULO II	3,5%	5,0%	9,6%	8,9%	9,3%
TOTAL CAPÍTULO III	3,0%	3,1%	16,2%	3,2%	22,0%
TOTAL INGRESOS TRIBUTARIOS	5,8%	8,4%	7,0%	8,9%	13,6%

O balance das actuacións Recadación tributaria

A evolución máis sobresáinte preséntaa o Imposto sobre Sociedades, cuxo crecemento en termos homoxéneos se sitúa no 23,8%, en sintonía coa evolución rexistrada pola base imponible do imposto (23,4%) impulsada polo forte aumento dos beneficios empresariais (40,6% os de sociedades cotizadas en 2005). Tamén destaca a notable evolución do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, que acumula un crecemento homoxéneo do 13,3% pola traxectoria das retencións de traballo, capital, e arrendamentos e polo especial pulo das retencións sobre fondos de investimento e da cota diferencial neta do exercicio 2004. O IVE crece un 11,7% en termos homoxéneos pola evolución dinámica do gasto final (especialmente no compoñente de vivenda), e tamén rexistran evolucións aceleradas o Tráfico exterior (18,3%), as taxas e outros ingresos tributarios (22,0%) e o Imposto sobre a Renda de non-residentes (15,1%).

1.7. Devolucións

As devolucións realizadas ascenden en 2005 a 35.992 millóns de euros (das que o 90% foron xestionadas pola Axencia), un 4,7% máis que en 2004, manténdose similares ou superiores (14 puntos máis no caso de Sociedades) aos asociados ás campañas tipo en todas as figuras. Por figuras impositivas, destacan os crecementos que rexistran en 2005 as devolucións de IVE

(6,9%: as de IVE anual medran un 14,6%, mentres que as de IVE mensual aumentan só un 1,3% pola atonía das devolucións a exportadores nos dous últimos anos) e do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (5,2%), mentres que as xestionadas pola Axencia de Sociedades descenden un 7,7%.

1.8. Recadación de recursos propios comunitarios

A Axencia Tributaria é a encargada de recadar os denominados “Recursos Propios Tradicionais” do Orzamento da Unión Europea, constituídos polo Arancel Aduaneiro Común, as exaccións e outros dereitos no marco da política agrícola común, así como as cotizacións á produción no sector do azucre.

Unha vez que se produciu a constatación e a recadación destes dereitos, o Estado español ponos a disposición da Comisión Europea, logo de aplicar a retención do 25 por cento en concepto de gastos de recadación.

No cadro seguinte reflíctense os Recursos Propios Comunitarios que foron constatados no período comprendido entre novembro de 2004 e outubro de 2005, e cuxa posta a disposición da Comisión tivo lugar no transcurso do exercicio 2005

**RECURSOS PROPIOS DA UNIÓN EUROPEA POSTOS A DISPOSICIÓN DA
COMISIÓN EN 2005**

CONCEPTOS	IMPORTE(*)
Arancel Importación U.E.	1.333,76
Dereito antidumping U.E.	16,28
Exacción compensatoria Reg. perfeccionamento activo	--
DEREITOS DE ADUANA (excl. dereitos agrícolas)	1.350,04
Dereitos Aduana Sector Agrícola	85,95
Exaccións reguladoras (importación)	--
Exaccións reguladoras (exportación)	--
Importes compensatorios de adhesión	--
Importes compensatorios monetarios	--
EXACCIÓN AGRÍCOLAS	85,95
Cotización almacenamento de azucre	--
Cotización produción de azucre	22,05
Cotización produción isoglicosa	1,23
Cotizacións complementarias	3,71
COTIZACIÓN AZUCRE E ISOGLICOSA	26,99
TOTAL RECURSOS PROPIOS DA UNIÓN EUROPEA (1)	1.462,98

* Importes en millóns de euros

(1) Comprende o período de novembro de 2004 a outubro de 2005